

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, A FUNDACIÓN REDE DE INNOVACIÓN AROUSA (RIA) E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROCESO DE PARTICIPACIÓN DE AXENTES INTERESADOS E A DEFINIÇÃO DE ESTRATEXIAS, LIÑAS DE ACCIÓN E FORMATOS DE APLICACIÓN DE POLÍTICAS PÚBLICAS EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA INTEGRADA**

Por unha banda, Miguel Corgos López-Prado, en nome e representación da Consellería de Facenda e Administración Pública (CFAP), actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG nº 94, do 16 de maio), e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV), nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio), no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Elena Ampudia Aixendri, en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na súa condición de decana-presidenta, elixida nas eleccións estatutarias do 27 de maio de 2020, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 38 a) dos estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, aprobados polo Decreto 105/2016, do 21 de xuño (DOG núm. 153, do 12 de agosto).

Doutra, Manuel Rodríguez López, co DNI 32711889R, en representación da Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA), en virtude da súa condición de director xerente e polos poderes outorgados polo padroado da entidade.

## EXPOÑEN

Primeiro.- As administracións públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do



disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en relación co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- Á Consellería de Facenda e Administración Pública (CFAP) lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e de función pública, e as competencias en materia de avaliación e reforma administrativa, de conformidade coa lexislación vixente. En particular, lle corresponden as competencias que o Estatuto de autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma en materia de planificación e programación económica, en concreto a avaliación estratéxica e financeira dos plans elaborados no seo do sector público autonómico.

O Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado por Consello da Xunta do 10 de marzo de 2022, artéllase en torno a cinco eixes transversais, sendo o cuarto deles, cun importante contido social, a cohesión social e territorial: Galicia é un espazo continuo rural urbano, que debe manter certos equilibrios. Por iso, cómpre velar por un desenvolvemento equilibrado de todos os territorios da comunidade autónoma, velando polos que precisan axuda para achegarse aos estándares de benestar que garantan un nivel de vida aceptable a todos os galegos independentemente do lugar onde queiran fixar a súa residencia.

Os obxectivos do Plan Estratéxico perseguiranse en consonancia co obxectivo de promover o desenvolvemento sostible establecido no artigo 11 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas (Axenda 2030), o Acordo de París (2015), o Pacto Verde Europeo (2019) e o principio de «non causar un dano significativo» (en inglés “Do No Significant Harm” - DNSH), no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, asinada na ONU no ano 2015, representa o compromiso internacional para facer fronte aos retos sociais, económicos e medioambientais da globalización, poñendo no centro ás persoas, o planeta, a prosperidade e a paz. A Axenda define 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), que cobren todas as políticas públicas domésticas, a acción exterior e a cooperación para o desenvolvemento, destacando entre eles os seguintes:

*ODS 3 "Garantizar una vida sana y promover el bienestar en todas las edades".*

*ODS 9 "Construir infraestructuras resilientes, promover la industrialización sostenible y fomentar la innovación".*

*ODS 11 "Lograr que las ciudades sean más inclusivas, seguras, resilientes y sostenibles".*

*ODS 13 "Adoptar medidas urgentes para combatir el cambio climático y sus efectos".*

Terceiro.- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia.

No exercicio da competencia exclusiva establecida no artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobouse a *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, que reflicte os criterios que xa se constatan en numerosas políticas europeas, expresadas, entre outros documentos, na Estratexia territorial europea, o Libro verde sobre a cohesión territorial, a Axenda territorial da Unión Europea 2020 e a Estratexia Europa 2020.

A nova Lei de ordenación do territorio, baseada nos principios de colaboración e cooperación interadministrativa, racionalidade e planificación, configura os instrumentos ordenadores que permiten obter un marco territorial global e flexible, no que se establecen as referencias básicas, as pautas espaciais para o desenvolvemento económico e social, os criterios e mecanismos que posibilitan a harmonización dos distintos elementos que conforman o territorio e a coordinación entre os distintos poderes e axentes económicos e sociais implicados.

Asemade, a lei explicita o tratamento integral do territorio, de xeito que, á vez que harmoniza todas as escalas espaciais da planificación, establece mecanismos de avaliación dos aspectos ambientais, territoriais, paisaxísticos, económicos e sociais, contribuíndo a unha maior eficiencia do feito planificador.

Aos efectos indicados, corresponde un papel de intervención fundamental á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV), como órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia.

Dentro da Consellería correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU), de conformidade co artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería (DOG núm.79 do

25 de abril), modificado polo Decreto 36/2022, do 10 de marzo (DOG núm.57 do 23 de marzo) e do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 94 do 16 de maio), entre outras:

a) A materialización e posta en práctica da política territorial e de utilización racional do solo coa finalidade de favorecer o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio; contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación e protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

m) A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Cuarto.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), de acordo co disposto nos seus estatutos, aprobados por Decreto 105/2016, do 21 de xullo, ten entre os seus fins realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que considere oportunas ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei.

Quinto.- A Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA) é unha entidade privada de carácter cultural, sen ánimo de lucro e con proxección pública nacional e internacional, incluída no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Ten como obxecto xenérico e principal o fomento, a análise, debate, desenvolvemento, promoción, execución e difusión do desenvolvemento e protección das economías locais e dos valores arquitectónicos, urbanos, naturais e culturais do territorio galego, procurando conciliar e potenciar os esforzos de persoas e institucións públicas ou privadas relacionadas cos mesmos e, no seu caso, operar como instrumento de coordinación destas.

O equipo da Fundación RIA está formado por arquitectos e planificadores, e de forma habitual establece vínculos colaborativos con institucións públicas e privadas e profesionais de diferentes especialidades: desenvolvemento territorial e rural; planificación do territorio; arqueoloxía; historia; conservación medioambiental; agroecoloxía, economía ambiental e ciclo de vida; enxeñería civil; paisaxe; rehabilitación; bioloxía mariña, entre outros.

O padroado da Fundación RIA está composto por arquitectos de recoñecido prestixio con proxección internacional que conta con importantes recoñecementos pola súa contribución aos campos da arquitectura, o urbanismo, a rehabilitación do patrimonio e ás artes. A ampla experiencia e presente actividade en todo o mundo facilita o establecemento de colaboracións con institucións e expertos internacionais de diferentes campos.

A Fundación RIA colaborou para o desenvolvementos da súa actividade investigadora, de deseño e planificación, e de participación social e comunicación, con entidades públicas e privadas de diferentes ámbitos:

- Portos de Galicia, Consellería do Mar, Xunta de Galicia
- Axencia Galega de Calidade Alimentaria, Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia
- Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia
- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Xunta de Galicia
- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Xunta de Galicia
- Axencia Galega de Infraestruturas, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Xunta de Galicia
- Concello de Ribeira
- Concello de Carballeda de Avia
- Concello de O Incio
- Mancomunidade de municipios Barbanza Arousa
- Instituto de Investigacións Marinas, Consejo Superior de Investigaciones Científicas
- Fundación Banco Santander

A Fundación RIA ten establecido protocolos de colaboración para desenvolver estudos e actividades conxuntas e para o intercambio de información e coñecemento con institucións relacionadas coa arquitectura e a ordenación do territorio:

- Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña
- Instituto de Estudos do Territorio, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Xunta de Galicia
- Concello de Carballeda de Avia
- Concello de O Incio

A Fundación RIA desenvolve desde 2017 unha actividade investigadora de utilidade pública co obxectivo de aplicar os resultados en contextos reais a través de



proxectos piloto, fomentar o vínculo entre institucións públicas e privadas e transferir o coñecemento xerado ao conxunto da sociedade.

A metodoloxía empregada baséase na análise da realidade a través da consulta de fontes estatísticas e cartográficas oficiais e de toma de datos in situ; a busca de consensos e implicación de grupos de interese e cidadanía a través de entrevistas, reunións e sesións participativas; e a comunicación dos resultados a través de actos públicos, medios dixitais e publicación.

A proxección internacional da Fundación RIA a través do seu padroado, favorece o establecemento de relación institucionais con entidades públicas e privadas de referencia nos ámbitos da investigación, a planificación e a ordenación do territorio e a comunicación pública.

Sexto.- A Xunta de Galicia, en liña e comprometida cos obxectivos fixados por directrices internacionais de desenvolvemento sostible como a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible da ONU, o Pacto Verde Europeo da UE, ou a Axenda Urbana Española, considera de utilidade pública promover unha investigación cara a unha axenda territorial de Galicia que, considerando a singularidade de condicións territoriais de Galicia, propoña criterios comúns para desenvolver no futuro documentos de planificación estratéxica adaptados ao contexto autonómico, que poidan ser utilizados polas distintas administracións públicas con competencias na ordenación e planificación do territorio ou con competencias que supoñan un impacto nas contornas urbanas e rurais.

Así mesmo a Xunta de Galicia considera que a Fundación RIA, co apoio e a colaboración do COAG, aporta valores engadidos que determinan a singularidade deste proxecto investigador, pola súa natureza sen ánimo de lucro e fins fundacionais recollidos nos seus estatutos; por aportar un amplo coñecemento do contexto galego e experiencia en campos diversos relacionados coa ordenación do territorio, economía ambiental, urbanismo, arquitectura e patrimonio; pola utilización de metodoloxías de análise, planificación estratéxica, participación e comunicación pública; pola proxección pública nacional e internacional da entidade e do seu padroado; pola capacidade de servir de nexo de unión e mediación entre entidades públicas e privadas; e pola vocación de poñer a disposición das administracións públicas e a sociedade a súa actividade investigadora.

Sétimo.- O convenio de colaboración subscrito no ano 2022 pola Consellería de Facenda e Administración Pública, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Fundación RIA e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia sobre as condicións actuais das iniciativas públicas en Galicia en materia de planificación, conservación e ordenación territorial nos ámbitos urbano e rural, co obxectivo de realizar propostas de futuro para unha planificación sostible en Galicia, permitiu poñer en marcha un proceso de reflexión colectivo sobre o futuro de Galicia que



fixese partícipes a axentes públicos e privados para xerar un marco común para a toma de decisións.

A investigación desenvolvida polo equipo da Fundación RIA, contando coa participación de diferentes departamentos das administracións públicas, abordou diferentes cuestións relacionadas coas axendas para o desenvolvemento sostible internacionais, nacionais e rexionais; as estruturas administrativas das administracións públicas; os instrumentos para a planificación e ordenación territoriais ou a avaliación destes instrumentos.

O coñecemento existente sobre estes temas incorporouse a través da participación dun comité experto designado e coordinado pola Fundación RIA co apoio do COAG. Os 17 membros deste comité, con dilatada traxectoria investigadora e profesional, contribuíron ao proceso a través da elaboración de informes de recomendacións nos que cada experto definiu os retos e prioridades aos que se enfronta actualmente Galicia e elaborou unha serie de propostas estratéxicas que poden servir para o deseño de instrumentos e políticas concretas. As formulacións dos expertos compartíronse nunha serie de mesas de debate, que buscaron o encontro e intercambio de puntos de vista desde cada área de coñecemento. Así mesmo, outras personalidades da sociedade civil, representantes de organizacións sectoriais, profesionais ou administracións, participaron nas mesas para achegar outras perspectivas próximas á realidade.

O procesado dos informes de recomendacións, combinado coas reflexións expostas nas mesas de debate, permitiu identificar un conxunto de ideas principais e puntos de consenso entre os diferentes membros do comité experto.

A modo de conclusión do proceso de investigación e integración de coñecemento externo, establecéronse doce principios estratéxicos básicos ordenados ao redor de tres grandes grupos temáticos. Estes principios conforman a estrutura dun documento base que guiará posteriores fases de traballo.

Todos estes motivos acreditan o interese público do proxecto de investigación subvencionado e poñen de manifesto a imposibilidade de promover dunha convocatoria pública de axudas con este mesmo obxecto, de acordo co indicado nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para o desenvolvemento pola Fundación RIA, coa colaboración do COAG, dun proceso de participación de axentes interesados e a definición de estratexias, liñas de acción e formatos de aplicación de políticas públicas en materia de ordenación do territorio e planificación estratéxica integrada.

En concreto, comprende as seguintes actuacións:

1. Validación dun documento base como síntese da fase previa e punto de partida para o proceso de participación
2. Desenvolvemento dun proceso de participación de axentes interesados
3. Elaboración de propostas para a adaptación dos procesos de contratación pública á consecución dos obxectivos establecidos
4. Integración de coñecemento científico internacional e nacional
5. Síntese das achegas de axentes interesados e do coñecemento científico internacional e nacional

### Segunda.- Compromisos das partes

1. A Consellería de Facenda e Administración Pública comprométese a:
  - Colaborar no financiamento das accións previstas cunha achega de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €), en virtude do Acordo entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a promoción dunha investigación cara a unha axenda territorial para Galicia subscrito o 27 de abril de 2023.
2. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda comprométese a:
  - Designar dúas persoas, en representación da devandita consellería, que actúen como interlocutores nas actividades obxecto deste convenio e desenvolvan as seguintes funcións:
    - Coordinar os diferentes departamentos e entidades desta consellería involucrados nas temáticas abordadas pola actividade subvencionada.



- Achegar a información que se requira e coordinar a achega de información por parte dos departamentos e entidades da propia consellería.
  - En concreto, a DXOTU facilitará o acceso a toda a información territorial e urbanística que conste nos arquivos e na diferentes aplicacións empregadas polo persoal técnico da administración autonómica.
  - Colaborar no financiamento das accións previstas nos termos establecidos na cláusula terceira.
3. O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia comprométese a:
- Conformar un grupo de profesionais externos para a elaboración de propostas para a adaptación dos procesos de contratación pública á consecución dos obxectivos establecidos
  - Designar a unha persoa en representación do COAG que actúe como interlocutor nas actividades obxecto deste convenio.
  - Facilitar e coordinar, na medida do posible, a achega de información de utilidade relativa ás diferentes áreas temáticas da investigación, que estean a disposición ou baixo a responsabilidade do COAG.
  - Con respecto ao desenvolvemento de todas as actuacións obxecto deste convenio, revisar documentos de traballo, proporcionar asesoramento e elaborar recomendacións nas distintas fases da investigación.
  - Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos xestores, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
  - Presentar unha declaración responsable de que non concorren, no que lle atinxe, as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que imposibilitan para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública.
  - Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os/as beneficiarios/as de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da citada Lei 9/2007.
  - Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Xunta de Galicia, así como o seus correspondentes logotipos.
  - Facilitar a actuación do persoal técnico da consellería no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.



4. A Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA) comprométese a:

- Desenvolver un proceso de participación de axentes interesados e definir estratexias, liñas de acción e formatos de aplicación de políticas públicas en materia de ordenación do territorio e planificación estratéxica integrada.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos xestores, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Presentar unha declaración responsable de que non concorren, no que lle atinxe, as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que imposibilitan para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os/as beneficiarios/as de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da citada Lei 9/2007.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Xunta de Galicia, así como o seus correspondentes logotipos.
- Facilitar a actuación do persoal técnico da consellería no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

Terceira.- Orzamento das actividades a desenvolver

O orzamento máximo de todas as actividades que se prevén desenvolver ao abeiro deste convenio ascende a cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), tal como se xustifica na memoria económica, distribuíndose a achega prevista entre a Fundación RIA (130.000,00 €) e o COAG (20.000,00 €), coa seguinte distribución por anualidades:

Beneficiario	Anualidades	
	2023	2024
Fundación RIA	65.000,00 €	65.000,00 €
COAG	10.000,00 €	10.000,00 €

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará, como máximo, un total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), con cargo á aplicación 08.04.521A.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuídos nas seguintes anualidades:

- 2023: 75.000,00 €
- 2024: 75.000,00 €

As actividades a desenvolver por cada unha das entidades beneficiarias, descríbense no Anexo I do presente convenio.

Dita achega cubrirá unicamente o custo da realización da actividade subvencionada, minorándose proporcionalmente no suposto de que a xustificación dos gastos, realizada consonte o disposto na cláusula quinta deste convenio, sexa inferior.

Os gastos subvencionables, que poderán abranguer o período comprendido entre o 01.01.2023 e o 01.12.2024, e os custos totais estimados para o desenvolvemento das actuacións obxecto do do presente convenio son os seguintes:

Concepto	Importe gastos Fundación RIA	Importe gastos COAG	Totais
Persoal	75.000 €		75.000 €
Gastos de desprazamento e manutención	5.000 €		5.000 €
Profesionais e servizos externos e outros gastos	50.000 €	20.000 €	70.000 €
<b>Total orzamento</b>	<b>130.000 €</b>	<b>20.000 €</b>	<b>150.000 €</b>

A contía da indemnización por uso de vehículo propio ou da empresa fíxase en 0,19 € por quilómetro percorrido.

Os gastos das viaxes realizados por outros medios, aloxamento e manutención xustificaranse mediante facturas, cos seguintes límites:

Aloxamento 65,97 €

Manutención 37,40 €

#### Cuarta.- Pagamento e xustificación

Realizaranse pagamentos a conta, por un importe que non poderá exceder, xunto cos anticipos, do 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, unha vez xustificada a realización das distintas actuacións realizadas, mediante a entrega da documentación sinalada no Anexo I, e logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

- Certificación acreditativa dos gastos realizados, expedida pola persoa representante da Fundación RIA e do COAG respectivamente, na que se indicará de forma expresa que para a súa execución se destinaron os fondos achegados pola Xunta de Galicia a través deste convenio.
- Documentos xustificativos dos gastos, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento.
- Declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.
- Documentación xustificativa da solicitude de tres ofertas nos gastos que sexan subcontratados por importe superior a 15.000 euros (IVE engadido).

Co fin de facilitar a posta en marcha das actuacións incluídas neste convenio, realizarase un pagamento anticipado dun 18% á sinatura do mesmo.

Consonte ao disposto nos artigos 62.2) e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados, non poderán superar o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

No que atinxe ao pagamento final, deberanse presentar os documentos finais que acrediten que o proxecto de investigación e a súa difusión se levaron a cabo, e ademais, a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
  - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor y do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago, así como as desviacións producidas, de ser o caso, respecto do orzamento inicialmente previsto.
  - b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á



que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

Consonte co establecido no artigo 27 da Lei 39/2015 en relación co artigo 49 do Decreto 11/2009, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente achegaranse ao procedemento, no caso de non estar en formato electrónico, mediante copia auténtica electrónica do documento en papel ou noutro soporte non electrónico susceptible de dixitalización

c) Unha declaración de que non se percibiron outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

Finalmente, e con anterioridade a facerse efectivo o pagamento tal como establece o artigo 60.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia deberán acreditar ambos beneficiarios que están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos previstos nos artigos 10 e 11 do citado Decreto 11/2009.

Consonte co disposto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os pagamentos a conta e anticipados están exentos da constitución de garantía.

Considérase admisible que se traspasen cantidades dun a doutro concepto dos orzamentados na cláusula cuarta, sempre que a modificación non represente máis dun 20% do custo estimado que figura no convenio e non se supere o importe total da achega.

O período de xustificación dos gastos correspondente a cada unha das anualidades do presente convenio remata o 15 de decembro.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente, dirixida á Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante: <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>. Os pagamentos serán tramitados pola citada dirección xeral.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido levará consigo a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.



#### Quinta.- Resultados da actividade a desenvolver

A Fundación RIA e o COAG se comprometen a permitir o uso gratuíto dos resultados do proxecto de investigación subvencionado para o desenvolvemento de proxectos, plans e actuacións, incluíndo novos proxectos de investigación sobre a materia. Estes resultados xustificaranse a través da entrega, por parte da Fundación Rede de Innovación Arousa e do COAG, da seguinte documentación:

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia:

Con respecto ao desenvolvemento de todas as actuacións obxecto deste convenio:

- Revisará documentos de traballo, proporcionará asesoramento e elaborará recomendacións nas distintas fases

Con respecto á elaboración de propostas para a adaptación dos procesos de contratación pública á consecución dos obxectivos establecidos, fará entrega de:

- Informes de recomendacións sobre diferentes temáticas relacionadas coa planificación e a ordenación territorial, urbanismo, edificación, patrimonio e procesos de contratación pública

A Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA):

- Con respecto á validación dun documento base como síntese da fase previa e punto de partida para o proceso de participación, fará entrega de:
  - Documento base (para iniciar proceso de participación)
- Con respecto ao desenvolvemento dun proceso de participación de axentes interesados, fará entrega de:
  - Informes de contribucións de axentes interesados
  - Actas das mesas redondas mantidas con estes axentes.
- Con respecto á elaboración de propostas para a adaptación dos procesos de contratación pública á consecución dos obxectivos establecidos:
  - Revisará documentos de traballo, proporcionará asesoramento e elaborará recomendacións
- Integración de coñecemento científico internacional e nacional, fará entrega de:
  - Actas das conferencias de expertos internacionais e nacionais
  - Actas das mesas redondas con expertos locais

- Con respecto á síntese das achegas de axentes interesados e do coñecemento científico internacional e nacional, fará entrega de:
  - Documento síntese que incorpore unha visión común que sirva como base para unha axenda territorial de Galicia e formatos de aplicación das estratexias deseñadas no proceso de participación.

Estas entregas, ao igual que a xustificación dos gastos á que se refire a cláusula cuarta do presente convenio, axustaranse, na medida do posible, aos prazos establecidos no cronograma orientativo que se incorpora como Anexo I, tendo como data límite a do 15 de decembro de 2024.

#### Sexta.- Incompatibilidades

Esta axuda é incompatible con outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### Sétima.- Incumprimento

O incumprimento das obrigas contidas neste convenio ou na normativa aplicable dará lugar a perda do dereito, total ou parcial, ao cobramento da axuda, ou ben ao reintegro das cantidades percibidas, así como os intereses de demora correspondentes.

Para estes efectos, considerarase que existe un incumprimento total se este acada ao 80% dos gastos subvencionables, sendo parcial no resto dos casos.

Este procedemento tramitarase consonte ao establecido no Título II da Lei 9/2007 e no Título V do Decreto 11/2009.

#### Oitava.- Seguimento

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio, créase unha comisión mixta que estará integrada por un representante de cada unha das partes asinantes deste convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



#### Novena.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

#### Décima.- Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### Décimo primeira.- Responsabilidade das actuacións

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### Décimo segunda.- Natureza, lexislación aplicable, interpretación e incumprimento

1. Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, correspondéndolle en último término a resolución das cuestións que poidan xurdir sobre a súa interpretación, execución e cumprimento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.



2. Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño.

3. O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo. Resultarán de aplicación, a este respecto, os artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### Décimo terceira.- Prazo de vixencia

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo dun ano adicional en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada.

Pola Consellería de Facenda e  
Administración Pública

Pola Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Vivenda

Miguel Corgos López-Prado

Ángeles Vázquez Mejuto

Polo Colexio Oficial de Arquitectos de  
Galicia

Pola Fundación Rede Innovación  
Arousa (RIA)

Elena Ampudia Aixendri

Manuel Rodríguez López





## ANEXO II

Actuacións	Beneficiario	Imputación	
		2023	2024
1. Validación dun documento base como síntese da fase previa e punto de partida para o proceso de participación	Fundación RIA	42.500 €	
2. Desenvolvemento dun proceso de participación de axentes interesados	Fundación RIA	22.500 €	10.000 €
3. Elaboración de propostas para a adaptación dos procesos de contratación pública á consecución dos obxectivos establecidos	COAG	10.000 €	10.000 €
4. Integración de coñecemento científico internacional e nacional	Fundación RIA		50.000 €
5. Síntese das aportacións de axentes interesados e do coñecemento científico internacional e nacional	Fundación RIA		5.000 €

**ANEXO III**

CONCEPTO	GASTOS FUNDACIÓN RIA	GASTOS COAG	TOTAL	FORMA DE XUSTIFICACIÓN
Persoal	75.000 €		75.000 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Declaración responsable na que se indique o persoal adscrito a este proxecto</li> <li>- Achega das nóminas e dos xustificantes bancarios de pagamentos</li> <li>- Achega da relación nominal de traballadores (RNT)</li> <li>- Achega do modelo 111</li> </ul>
Profesionais e servizos externos e outros gastos	50.000 €	20.000 €	70.000 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achega das facturas ou recibies polos servizos prestados, xunto co correspondente xustificante de pagamento</li> <li>- Achega das facturas correspondentes aos servizos contratados ou dos equipos ou produtos adquiridos para o desenvolvemento do traballo. No caso de adquisición de software, equipos informáticos e demais equipamento inventariable, só serán imputables as correspondentes porcentaxes de amortización comprendidas no período de execución das actividades subvencionadas</li> <li>- Achega dos xustificantes de pagamento de ditas facturas</li> </ul>
Gastos de desprazamento e manutención do persoal propio da Fundación RIA	5.000 €		5.000 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deberá achegarse a relación de desprazamentos.</li> <li>- Poderán incluírse medios de transporte colectivo (autobús, ten, avión) e outros gastos relacionados como peaxes, aparcadoiros e estacionamento</li> <li>- Achega de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e xustificantes de pagamento</li> </ul>
<b>Total orzamento</b>	130.000 €	20.000 €	150.000 €	